

...E O PROBLEMA, SEN RESOLVER

Aparece como bastante claro que as previsións de moitos, probablemente non só do PP, pasaban por que o novo curso político non estivese marcado polo *Prestige* nin por *Nunca Máis*. Ben, ata un certo punto é comprensible. Nin o barco acabou, de vez, con Galicia nin a solución deste problema traería aparellada, por exemplo, a definitiva modernización socioeconómica do país todo. Agora ben, a teima en taparnos, en expulsarnos polo menos das portadas, de insistir en mensaxes de normalidade e “todo solucionado” non só parece, desde o noso punto de vista, forzada, senón que á luz dos datos dá a impresión, xustamente, do contrario: seguimos tendo un serio motivo de desacougo. O pecio segue afundido e cargado, non hai certeza fiable que non bote fuel, este continúa no mar e chegando á costa, os sectores económicos relacionados co mar resultaron moi danados e iso non terminou.

Rematando setembro, un portavoz do Comisionado do goberno español para o noso tema declaraba, probablemente con seguridade, que desde había quince días non se recollía chapapote na costa; coma sempre, non damos fe de que esta sexa a literalidade exacta das súas palabras, pero o sentido por aí ía. Nos últimos quince días do mes, pola contra, nós mesmos vimos o chapapote perto de Ribadeo, ADEGA declaraba ter comprobada a súa entrada na illa de Ons, os biólogos da Consellería de Pesca atopárono no arredor da Lanzada.

O novo curso político non pode deixar o *Prestige*, porque o *Prestige* non nos deixou a nós. O *Nunca Máis* segue sendo necesario.

En Lugo imos facer ver isto o día 11, polo San Froilán. Lede a columna de ao lado e vide onda nós, de festa e a deixar claro que seguimos aquí e hamos de oír.

11 DE OUTUBRO:

NM NO SAN FROILÁN

Segundo indicabamos no número 30 desta folla informativa, a asemblea local de *Nunca Máis* dirixiuse ao goberno municipal de Lugo coa proposta dunha actividade para incluír no programa das festas patronais da cidade. Tratábase dun día dedicado ao mar, de carácter cultural e festivo. Habería mostra de embarcacións e outros elementos da cultura material tradicional, exposición pública de oficios (traballo cara ao público dun carpinteiro de ribeira, unha re-deira...) e actuacións musicais, todo nunha rúa do centro da cidade e complementado por outras exhibicións.

Ao final, a responsable da organización das festas dixo “Non” e non nos demos entrevistado co alcalde, seica por problemas de axenda. Xa fixemos público o noso punto de vista sobre isto. Así e todo, queremos que o *Nunca Máis* teña un sitio e unha presenza no San Froilán, que menos. Pendentes da información definitiva, que daremos a semana vindeira, chamamos xa desde aquí aos nosos lectores, en formato papel e na rede, a vir a Lugo e saír á rúa o día 11, sábado, pola tarde e pola noite, cos distintivos do NM. O San Froilán é unha gran festa. Nós tamén a imos facer. ¡Vide á festa dos lugueses!

